

# **PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL**

## **PROGRAMA DE APOIO FAMILAR**

**AS.PA.NE.MI. (ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON  
MINUSVALIA)**



**Concello de Ferrol**



## INDICE DA MEMORIA

---

1. IDENTIFICACIÓN DA ASOCIACIÓN	3
2. FINALIDADE E PROGRAMA “APOIO FAMILIAR”	3
3. FUNDAMENTOS DO PROGRAMA DE APOIO FAMILIAR (CICLO XORNADAS E RESPIRO FAMILIAR)	6
3.1. FUNDAMENTOS LEGAIS	6
3.2. FUNDAMENTOS INSTITUCIONAIS	7
3.3. FUNDAMENTOS TÉCNICOS	7
4. USUARIOS/AS DA PROGRAMACIÓN E TEMPORALIDADE DO PROGRAMA	8
USUARIOS	8
PERFIL	8
5. INDICADORES DE AVALIACIÓN	8
6. RESULTADOS PREVISTOS E OPERATIVOS	8
7. MEMORIA FOTOGRÁFICA DE ACTIVIDADES	9

## 1. IDENTIFICACIÓN DA ASOCIACIÓN:



AS.PA.NE.MI. (Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía) nace o 19 de decembro de 1997 froito da iniciativa dun grupo de pais e nais desorientados que viron a necesidade de unirse como apoio e orientación a eles mesmos, os seus socios e futuras familias. Facilitando para elas e para os seus fillos, programas de intervención e rehabilitación, actividades e información deste novo mundo ao que se afrontan.

**DOMICILIO SOCIAL DA ENTIDADE:** Rúa Mercedes Freire Lago, nº 4, baixo, Porta F, C.P.: 15570, Santa Icí, NARÓN.

## 2. FINALIDADE E PROGRAMA “APOIO FAMILIAR”

A finalidade da nosa asociación é:

- Axudar aos pais a asumir a situación que se lles presenta ao saber que teñen un fillo con discapacidade.
- Consegur que os nenos sexan atendidos dende o momento en que se detecten as súas discapacidades, co fin de poder desenvolver ao máximo as súas competencias.
- Realizar actuacións para contribuír á mellora da integración, potenciación e dignificación dos nenos e rapaces con discapacidade.

A continuación presentámosvos o noso programa:

- **PROGRAMA DE APOIO FAMILIAR:** O máis completo dos nosos programas, coordinado pola nosa psicóloga, e que está composto a súa vez dos seguintes subprogramas:
  - ❖ **SUBPROGRAMA DE FAMILIA:** Este subprograma esta integrado polas seguintes actividades:
    - **Terapia de Pais/Nais (10-15 usuarios):** Intervención en grupo de apoio, co obxectivo de recoñecer e desenrolar o potencial e as capacidades persoais e relacionais de cada un dos usuarios das sesións.
    - **Aula de Intervención/rehabilitación (15-20 usuarios):** Aula psicolóxica dedicada a intervención e rehabilitación cognitivo-conductual dos nenos con discapacidade, centrando os esforzos a nivel individual e xerando programas específicos para cada un dos casos. Trátase dun proceso terapéutico cuxa finalidade é mellorar, recuperar ou preservar o maior tempo posible as funcións cognitivas en persoas que sofren alteracións cerebrais e TXDs que afectan as súas capacidades cognitivas (atención, memoria, pensamento, comunicación e comprensión da linguaxe, aprendizaxe, concentración, cálculo, razoamento,

percepción, resolución de problemas,...). Mediante dita rehabilitación cognitiva o que conseguimos e incrementar a capacidade intelectual ao máximo das súas posibilidades e mellora a adaptación familiar, escolar e social.

- **Obradoiro de Psicomotricidade (7-15 usuarios):** É complementario da actividade anterior. Nela se integra as interacción emocionais, simbólicas e sensoriomotrices na capacidade de ser e de expresarse nun contexto psicosocial. A psicomotricidade desempeña un papel fundamental no desenvolvemento harmónico da personalidade dos nenos.
- **Terapia individual para pais (10-15 usuarios):** O obxectivo é o desenvolvemento individual e fortalecemento psíquico, axudando a persoa a conseguir un maior coñecemento de si mesmo e do seu entorno, aprender a convivir, xestionar emocións, fomentar a autoconfianza e autoestima persoal, etc.

❖ **SUBPROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR (35-45 usuarios):** trátase dun **obradoiro de pintura** que se leva a cabo dúas veces o mes en horario de fin de semana (fora do horario habitual da asociación), e ocupa as tardes dos sábados, onde os pais poden deixar os nenos sen necesidade de estar eles presentes na actividade. A psicóloga que coordina o taller, xunto co redor de 10 voluntarios encárganse de coidar os nenos mentres se realizan xogos con cores, murais, etc., incluíndose o finalizar o obradoiro unha merenda para cada un dos asistentes. Tamén incorporamos a este subprograma a intervención unha vez o mes da “asociación Estímulos”, cos que organizamos tras o taller **xogos asistidos con animais**.

❖ **SUBPROGRAMA DE INFORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN:** centrado primordialmente nas familias, pero aberto a sociedade en xeral. Se compón das seguintes actividades:

- **Xornadas (115 usuarios):** cobren a demanda de información das familias en diversos ámbitos de interese, algo que foi moi solicitado por parte dos nosos usuarios estes últimos anos. Conformando un APOIO FAMILIAR e abrindo unha venta ao diálogo, o intercambio de experiencias e a aprendizaxe, non so coas persoas con discapacidade, senón tamén coas súas familias e todas aquelas persoas que teñen relación persoal ou profesional co mundo dos nenos con discapacidade. Grazas a esta iniciativa pretendemos ensinar as familias, concienciar a sociedade e buscar a súa solidariedade.
- **Talleres informativos (20-30 usuarios):** con estas actividades xeramos recursos e ferramentas para administrarse en situacións cotiás tanto na vida persoal como na dos seu fillos. Búscase que os participantes pasen un tempo agradable, nun ámbito coidado que lles permita interaccionar entre eles e solucionar as súas dúbidas. Pretendese proporcionar os

participantes unha nova mirada a diversas problemáticas. Entre algúns dos nosos talleres habituais, temos:

- Taller afectivo Sexual (en colaboración con Quérote +).
- Taller sobre discapacidade e dependencia.

- ❖ **SUBPROGRAMA DE AQUATERAPIA (25 usuarios)**: Trátase do noso programa máis recente en colaboración con COGAMI, leva só dous meses en activo, cunha gran acollida por parte dos nosos usuarios. Son actividades monitorizadas cos nenos e os seus pais (25 usuarios totais), nun dos complexos de Talasoterapia (auga de mar depurada e esterilizada a temperatura do Corpo) máis destacados de Galicia (Termaria Casa da Auga - A Coruña). Realízanse exercicios e xogos na auga que favorecen a relaxación a nivel psicolóxico e muscular, o cal axuda a mellorar a mobilidade e autonomía funcional dos nenos, e complementábase con sesións individuais de fisioterapia para cada un dos nenos cada cinco semanas.

Esta opción complementa de xeito moi positivo o traballo anterior, podendo ter o monitor moita máis información e traballando conxuntamente segundo os criterios do fisioterapeuta e da nosa psicóloga que coordina a actividade dende a asociación, mantendo desta forma unha porta aberta a comunicación entre profesionais que favorece a atención completa dos nenos e as súas familias.

### 3. FUNDAMENTOS DA PROGRAMACIÓN

#### 3.1 FUNDAMENTOS LEGAIS

Avogamos polo dereito das persoas con discapacidade, os seus familiares e comunidades, a recibir información completa, por todos os medios apropiados, dos seus dereitos así como de ter acceso a toda aquela información que poda serlles de utilidade. Tendo en conta en todo este proceso a liberdade de información e o libre uso da mesma.

**O SUBPROGRAMA DE FAMILIA E O SUBPROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR**, en termos legais cinguímonos o que ofrece Lei de dependencia sobre este tipo de actividades de axuda. Polo xeral son as familias as que representan o principal recurso de coidado e soporte estable que posibilita a permanencia na comunidade das persoas con discapacidade.

As situacións de sobrecarga e necesidades que sofren os pais ou titores legais son, en moitos casos, descoñecidas, non existindo o axeitado apoio, axuda e orientación para superar as dificultades da vida diaria, o que, en ocasións, ten como consecuencia a aparición doutros trastornos que dificultan o desempeño da súa función de coidador e axente terapéutico.

Creamos por tanto con esta actividade unha situación recomendada de alivio e respiro transitorio, considerando este último un elemento preventivo de grande interese para o benestar do propio colectivo.

### 3.2 FUNDAMENTOS INSTITUCIONAIS

- **MISIÓN:** Os nosos Programas teñen como misión:
  - Consegur que os nenos sexan atendidos dende o momento en que se detecten as súas discapacidades, co fin de poder desenvolver ao máximo as súas competencias.
  - Realizar actuacións para contribuir á mellora da integración dos nenos e rapaces con discapacidade.
  - Axudar a os pais a asumir a situación de ter un fillo con discapacidade.
  - Facilitarlles información relevante e útil que solvente as súas dúbidas e fomente os seus intereses e o dos seus fillos.
  - Realizar actuacións que contribúan a mellora da integración dos nenos e adolescentes con discapacidade.
  - Crear un lugar onde os pais poidan deixar os seus fillos, para facilitarlles un respiro transitorio e un alivio das súas cargas familiares.
- **VISIÓN:** Que AS.PA.NE.MI. (Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía) sexa unha asociación recoñecida pola súa labor social, plural e aberta o mundo da discapacidade; e recoñecida pola súa innovación e excelencia a hora de xerar recursos e programas pensados por e para os nenos e xoves con discapacidade e as súas familias, que o fin e o cabo e polo que fomos constituídos.

### 3.3 FUNDAMENTOS TÉCNICOS

Para o correcto desenvolvemento da PROGRAMACIÓN, contamos con:

- **Unha Psicóloga clínica e social:** Encárgase da elaboración, coordinación e supervisión do programa en xeral e das devanditas actividades en particular.
- **Voluntariado:** Os cales se encargan de labores de apoio, creando por eles mesmo unha rede de participación, a través da que se promove o desenvolvemento de servizos para o mellor funcionamento das actividades.

## 4. USUARIOS/AS E PERFIL DOS MESMOS. / TEMPORALIDADE DO PROGRAMA

**USUARIOS:** AS.PA.NE.MI ten na actualidade **35 socios**, pero atendemos coas nosas actividades arredor de **45 familias da Comarca de Ferrolterra (arredor dunhas 120 persoas)**.

**PERFIL:** Pais e nais de nenos con discapacidade, así como os memos nenos.

**TEMPORALIDADE DO PROGRAMA:** O programa de apoio Familiar realízase o longo do curso dende xaneiro a decembro (exceptuando o mes de agosto por vacacións na asociación). As actividades realízanse todos os días da semana de luns a venres, exceptuando o respiro familiar que se realiza en sábados alternos.

## 5. INDICADORES DE AVALIACIÓN

Faremos unha avaliación global dos diversos programas que configuran o noso “Proxecto Específico” a partir das avaliacións individuais de cada unha das actividades que integran a nosa programación.

Para avaliar as diferentes actividades empregaranse e teranse en conta tres tipos de avaliacións, que coinciden con momentos distintos da execución das actividades:

- **Avaliación Inicial:** Determinará o punto de partida e sobre o que se emitirá un informe baseándonos en diferentes instrumentos (entrevistas, enquisas, observación, etc.)
- **Avaliación Continua:** Se fará o longo das actividades, a medida que se vai executando o programa e que nos vai permitir modificar, corrixir ou mellorar calquera aspecto que non funcione como se esperaba, para esta avaliación realizaranse; reunións de equipo, reunións de voluntariado, entrevistas persoais, etc.
- **Avaliación final:** Servirá para valorar o resultado de cada actividade de xeito independente e do programa en forma global, para a avaliación final emitiranse informes, un por actividade e un informe total do programa.

## 6. RESULTADOS PREVISTOS E OPERATIVOS.

Na programación adquire gran importancia a familia e todas as persoas que a integran; temos como obxectivo traballar sobre tres ámbitos a través deste programa, e que se cumpren en cada unha das súas actividades:

- ❖ Ámbito familiar.
- ❖ Ámbito educativo.
- ❖ Ámbito persoal.

Así mesmos o resultado que con maior ilusión esperamos é unha resposta dos nosos usuarios e persoas interesadas asistindo as nosas ámbalas actividades. E tanto para os pais como para os nenos e demais persoas sexa unha experiencia enriquecedora.

## 7. MEMORIA FOTOGRÁFICA DE ACTIVIDADES.



Subprograma de Respiro Familiar; Obradoiro de Pintura (PROGRAMA APOIO FAMILIAR)



### **Jornadas de Aspanemi**

JORGE MEIS

■ La responsable del área de Promoción Social de Narón, Teresa Sabio Rodríguez, inauguró ayer las jornadas de la Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía que se prolongarán hasta el próximo mes de mayo. En este primer encuentro, la actividad dio lugar a una conferencia impartida por el especialista en Neurología Infantil, Alberto Fernández, que abordó los problemas de neurodesarrollo asociados.

Ciclo de Xornadas; Subprograma de información, divulgación e sensibilización (PROGRAMA DE APOIO FAMILIAR)



---

Circuitos, piscinas, e actividades libres (PROGRAMA DE AQUATERAPIA)

---



Actividades de relaxación familiar, fisioterapia e complexo (PROGRAMA DE AQUATERAPIA)

---

**Non hai fotos** do **SUBPROGRAMA DE FAMILIA: *Terapia de Pais/Nais e Aula de Intervención/rehabilitación***, posto que o

tratarse de sesións privadas e individuais estamos suxeitos a unha política interna de protección de datos.